



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O COMITÉ DE ENTIDADES REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (**CERMI DE GALICIA**) PARA O MANTEMENTO DA ENTIDADE.

Santiago de Compostela, 14 XUN. 2016

REUNIDOS

Dunha parte:


D José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Anxo Antón Queiruga Vila, con D.N.I. 76778938Q, que actúa en nome e representación do **Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia** (en adiante **CERMI DE GALICIA**), con CIF G15696792, en virtude da súa condición de presidente dela.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN





XUNTA DE GALICIA

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.


II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que CERMI DE GALICIA, composta por dez asociacións de persoas con discapacidade, figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1188, tendo entre outras finalidades, conforme ós seus estatutos, participar plenamente na vida social da Comunidade Autónoma de Galicia, para defende-los dereitos das persoas con discapacidade.

V. Que a entidade CERMI DE GALICIA ten como obxectivos os seguintes:

- Ser un foro de estudo e debate, que desenvolva propostas para a mellora e defensa do colectivo que representa, polo que quedan fora das súas funcións a xestión de programas ou servizos finalistas ou prestacionais, que están na esfera de competencia das organizacións membros.
- Diseñar políticas de actuación encamiñadas a conseguir a normalización social das persoas con discapacidade.





XUNTA DE GALICIA


- Ser unha plataforma común de debate para as persoas con discapacidade.
- Representar as entidades de persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia que constitúen CERMI DE GALICIA, ante os seus diferentes órganos gobernamentais e outras instancias públicas e privadas desta Comunidade, en relación coa problemática propia do colectivo representado.
- Analiza-los diferentes problemas xerais e de importancia que afecten ó sector das persoas con discapacidade.
- Fixar posicións unitarias e adoptar decisións ou posicionamentos do sector sobre calquera materia que os membros do Comité decidan en cada momento.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con CERMI DE GALICIA para contribuír ao financiamento do mantemento da entidade.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, CERMI DE GALICIA é a única entidade de iniciativa social en Galicia que ten como finalidade ser un foro de estudio e debate que desenvolve propostas para mellorar e defender o colectivo de persoas con discapacidade.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.





XUNTA DE GALICIA

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Suscribir un convenio de colaboración para o mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: *Obxecto*



O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do mantemento de CERMI DE GALICIA, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, así como os enumerados no expoñendo cuarto. As ditas actuacións deberán desenvolverse dentro do período contemplado na cláusula sétima deste convenio.

SEGUNDA: *Orzamento*

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social alcanzará **trece mil douscentos euros (13.200,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA.- Obrigas


CERMI DE GALICIA deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:





XUNTA DE GALICIA

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Acreditar, mediante declaración responsable, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
9. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



CUARTA: Xustificación e pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2016**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

3. O pagamento das achegas farase do seguinte xeito:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio.





XUNTA DE GALICIA

Deste xeito, CERMI DE GALICIA remitirá á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, unha vez finalizado o obxecto do convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total do proxecto e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2016, certificación**, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa **achega dos xustificantes-facturas dos gastos** realizados e a **acreditación do pagamento efectivo** deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así mesmo achegarase a **certificación do órgano competente** relativa ao cumprimento dos fins das cantidades obxecto deste convenio.

Así mesmo enviará un **informe-memoria** detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio acompañada de **certificación expedida polo representante** da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social **foron destinadas aos fins** para os que foron concedidas.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, CERMI DE GALICIA queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

5.A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite a primeira quincena de febreiro de 2017.

6.No momento da presentación da xustificación do convenio, a entidade achegará unha **declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para **estes mesmos fins**, das distintas



DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE



XUNTA DE GALICIA

administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes. Do mesmo xeito acreditará, mediante **declaración responsable**, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

7.Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.



QUINTA: Inexistencia de relación laboral

CERMI DE GALICIA queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

CERMI DE GALICIA asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

SEXTA: Obrigas de publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.





XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes consinten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.


Por outra banda CERMI DE GALICIA adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.

SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2016, establecida no apartado 4 da cláusula cuarta deste convenio.

OITAVA.- Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de CERMI DE GALICIA. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.







XUNTA DE GALICIA

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

NOVENA.- Reintegro

En aplicación do disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisén.
- b) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ao cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou á concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o





XUNTA DE GALICIA


comportamento que fundamenta a concesión da subvención total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas.

- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por este asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 ao 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, pola entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e acrediten unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra l) do apartado 1 do artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Igualmente, no suposto previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Con independencia das causas de reintegro enumeradas, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.





XUNTA DE GALICIA


As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DÉCIMA.- Natureza

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; o disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase dun acto presunto contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.







XUNTA DE GALICIA

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**



José Manuel Rey Varela

**O PRESIDENTE DO COMITÉ DE ENTIDADES
REPRESENTANTES DE PERSOAS CON
DISCAPACIDADE DE GALICIA**


Anxo Antón Queiruga Viza
